



Asunto: Resolución pola que se acorda publicar o contido dos exercizos e as respostas correctas dos postos de Coordinador/a provincial (Técnico/a provincial), Técnico/a medio servizos centrais e Advo/a. Servizo Laboral

O día 30/12/2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 29 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da *Lei 20/2021, do 28 de decembro*, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de **concurso oposición**, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA).

Con data de 2 de decembro de 2023 celebrouse na Escola Galega da Administración Pública (EGAP) a proba da fase de oposición das seguintes categorías e postos:

- Categoría: Técnico/a medio ou superior; posto: Coordinador/a provincial (Técnico/a provincial).
- Categoría: Técnico/a medio ou superior; posto: Técnico/a medio servizos centrais.
- Categoría: Oficial 2ª administrativo; posto: Advo/a. Servizo Laboral.

De conformidade co establecido no apartado III.1 das Bases que rexen o dito proceso selectivo, no prazo de 24 horas seguintes á realización da proba publicarase o contido do exercizo e as respostas correctas no portal web www.epseaga.com.

De acordo co anterior, a Comisión de Selección ACORDA:

Publicar no portal web www.epseaga.com o contido do exercizo e as respostas correctas nun prazo máximo de 24 horas seguintes á realización da proba das seguintes categorías e postos:





- Categoría: Técnico/a medio ou superior; posto: Coordinador/a provincial (Técnico/a provincial).
- Categoría: Técnico/a medio ou superior; posto: Técnico/a medio servizos centrais.
- Categoría: Oficial 2ª administrativo; posto: Advo/a. Servizo Laboral.

A secretaria da Comisión

Visto e prace

A presidenta da Comisión

Marta Vázquez Rodríguez

Marta Forés Lojo

